

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social debido á denegación dunha risga

Expediente: G.6.Q/63690/16

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2017

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de referente á denegación da risga e ao desacordo cos motivos.

ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que a finais do mes de xullo de 2016 solicitou a renda de inclusión social de Galicia (risga) á Consellería de Política Social. A mediados de setembro recibiu a notificación de resolución na que a Consellería de Política Social denega a súa solicitude. A Consellería de Política Social alega como causas para a denegación: "A solicitante non se atopa nunha situación ou risco de exclusión social. (Art. 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia (DOG nº249, do 31 de decembro de 2013))." "A persoa solicitante non cumpre as condicións básicas para o acceso á prestación ó non atoparse en situación de desemprego (Art. 3.1 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia (DOG nº249, do 31 de decembro de 2013))".

A súa situación actual é a mesma que tiña no momento da solicitude: - Está viúva e convive cunha filla - Non percibe pensión de viuvez nin a súa filla percibe pensión de orfandade ... - Ten un contrato de traballo ... de 9 horas semanais e obtén uns ingresos mensuais de 194,79 €. - Reside nunha vivenda propiedade da súa filla e súa, polo que paga un préstamo hipotecario de 194,79 € (tras negociar con banco aboar a mesma cantidade que percibe na nómina). - Figura inscrita non Servizo Público de Emprego como demandante de emprego. - Considera que os motivos alegados pola Consellería de Política Social para fundamentar a denegación da solicitude de risga que presentou carecen rigor e precisión.

2. Ante iso requirimos información a esa consellería, que nola remitiu. Sinalou o seguinte: "Con data do 07/09/2016 a xefatura territorial da Consellería de Política Social na Coruña resolveu denegar a prestación solicitada, dado que a interesada realiza unha actividade laboral a tempo parcial desde o 08/05/2014, polo que non se atopa en situación de desemprego, e, consecuentemente, en situación ou risco de exclusión social, de acordo co previsto no artigo 3.1 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia. Con

posterioridade, a solicitante presentou un recurso de alzada contra a anterior resolución denegatoria, que tivo entrada no rexistro do órgano competente para resolver o 13/10/2016 e que, neste momentos, está pendente de resolución por existir outros recursos de data anterior que deben resolverse previamente”.

3. Para complementar o informado puxémonos en comunicación telefónica coa afectada, que nos indicou que a consellería xa resolvera o recurso, pero desestimándoo, reiterando que o motivo é que non está en situación de desemprego.

4. Ponse de relevo que o emprego que ten é a tempo parcial e cunha remuneración mínima, moi por debaixo do SMI e doutros índices económicos; gaña 194 €, que ocupa na súa totalidade o pago da hipoteca. Non recibe pensión de ningún tipo ... (nin orfandade, nin de viúva ...). A súa filla é menor e está estudando sen recursos. Por iso, en principio parece insuficiente a motivación achegada (“realiza unha actividade laboral a tempo parcial desde o 08/05/2014, polo que non se atopa en situación de desemprego, e, consecuentemente, en situación ou risco de exclusión social, de acordo co previsto no artigo 3.1 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia”).

Polo que se refire á actividade municipal, a afectada sinala que foi ao concello e non lle deron nin promoveron ningunha axuda propia e que o único que indicaron é que podería ir ao Valedor do Pobo.

5. Por todo o exposto requirimos da Consellería de Política Social que con urxencia facilitara aclaración sobre os extremos mencionados. Tamén nos diriximos ao Concello de Pontedeume co fin de que con urxencia facilitara información sobre a situación persoal, económica e social da afectada; sobre a súa condición de persoa en situación ou risco de exclusión social; sobre a atención municipal e as axudas municipais dadas ou en curso; e sobre as demais circunstancias relevantes. Esa administracións xa nos responderon e sinalan o seguinte:

-Consellería de Política Social:

“Tanto a resolución denegatoria da xefatura territorial da Consellería de Política Social na Coruña, como a posterior resolución desestimatoria do recurso de alzada interposto pola interesada, baséanse na aplicación do artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, o cal dispón o seguinte: "Artigo 3.- Criterios para a valoración da situación de exclusión social ou de risco de exclusión social. 1. Para a valoración técnica da situación ou risco de exclusión social, e de conformidade co establecido nesta lei e na normativa de desenvolvemento, verificarase a ausencia ou déficit grave de recursos económicos e a situación de desemprego, así como a concorrencia dalgún dos factores de exclusión seguinte, cando esa condición supoña especiais dificultades de integración social

ou laboral: a) Estar nunha situación de cargas familiares non compartidas. b) Estar en proceso de rehabilitación social, como resultado dun programa de deshabitación de substancias aditivas ou de calquera outra adicción que produza efectos persoais e sociais de natureza semellante. c) Ter a condición de muller vítima de violencia de xénero. d) Ser unha persoa vítima de violencia doméstica. e) Ter unha discapacidade valorada superior ao 33%. f) Ser inmigrante ou emigrante retornado. g) Proceder de institucións de protección ou reeducación de menores. h) Proceder de cumprimento de pena nunha institución penitenciaria. i) Ser unha persoa sen fogar ou habitar nunha infravivenda. j) Pertencer a unha minoría étnica. k) Estar en proceso de abandono do exercicio da prostitución ou ser vítima de explotación sexual-laboral en redes de prostitución ou de trata de persoas. l) Ter a condición de persoa transexual ou estar en proceso de reasignación sexual. m) Calquera outro factor non previsto expresamente neste artigo sempre que, ponderado polos servizos sociais comunitarios no contexto persoal, familiar e social da persoa, condicione negativa e gravemente a súa inclusión social e laboral. Esta ponderación poderá ser tamén obxecto de avaliación por parte dos técnicos da Comunidade Autónoma.

Do exposto anteriormente despréndese que, para estar en situación ou risco de exclusión social, verificarase a situación de desemprego. A interesada recoñece que desempeña unha actividade laboral, e aínda que percibe unha baixa remuneración, non cumpre co requisito de estar en situación de desemprego para acceder á prestación. Todo isto, con independencia de que poida estar inscrita no Servizo Público de Emprego en calidade de solicitante de mellora de emprego.

Non en tanto, hai que ter en conta que estas persoas poden beneficiarse doutro tipo de axudas establecidas para familias con escasos recursos (bono social, axudas ao aluguer...) e, de todos modos, terase en conta a súa situación no desenvolvemento das políticas de inclusión social”.

-Concello de Pontedeume (traballador social do concello):

“..... ten aberto expediente nos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Pontedeume dende marzo de 2007. En xullo de 2016 solicitou a Risga, que a Consellería de Política Social denegou, polas causas que a solicitante sinalou no escrito que remitiu á institución do Valedor do Pobo. Na última entrevista mantida con o pasado mes de xaneiro de 2017, manifestou que as súas circunstancias persoais, familiares e económicas, continuaban a ser as mesmas que no momento en que solicitara a Risga. está viúva e convive cunha filla Nin ela percibe pensión de viuvez nin a súa filla percibe pensión de orfandade ... Ten un contrato de traballo ... de 9 horas semanais e obtén uns ingresos mensuais de 194,79€. Reside nunha vivenda propiedade dela e da filla, polo que paga un préstamo hipotecario de 194,79 €.

No requirimento remitido polo Valedor do Pobo recóllese que: "Polo que se refire á actividade municipal, a afectada sinala que foi ó concello e non lle deron nin promoveron ningunha axuda propia e que o único que indicaron é que podería ir ó Valedor do Pobo". Respecto a isto indicar o seguinte: Á vista da problemática que presenta ██████ durante as entrevistas mantidas con ela ó longo dos últimos meses, informóuselle da existencia doutros recursos sociais ós que podería acceder, ademais da Risga, e que se relacionan deseguido: - Programa de reparto de alimentos (Programa operativo para España do Fondo Europeo de Axuda ás persoas máis desfavorecidas), que consiste na distribución de alimentos de primeira necesidade a persoas desfavorecidas. - Axudas para situacións de emerxencia social do Concello de Pontedeume (compra de alimentos, débeda de alugueiro ou hipoteca, débeda de subministros, etc.). - Estratexia Galega de Inclusión Social. Ofrece ós usuarios orientación laboral coa finalidade de mellorar a súa empregabilidade. A usuaria rexeitou a posibilidade de acceder a estes recursos, ó considerar que non se axustan ás súas necesidades. O recurso que demanda ██████ é unha prestación económica de carácter periódico, que complementa os ingresos que obtén do seu traballo a tempo parcial. A única prestación económica deste tipo que se "xestiona" a través dos servizos sociais comunitarios é a Risga, que xa foi solicitada e a Consellería competente denegou. O Concello de Pontedeume, ó igual que a inmensa maioría dos concellos galegos, non conta cunha prestación propia deste tipo (unha prestación similar ou equiparable á Risga). Entendemos que a usuaria, a día de hoxe, ten esgotadas tódalas posibilidades de acceder a unha prestación económica periódica, xa que: non lle foi recoñecido o dereito a pensión de viuvez e orfandade (para a filla); tampouco ten dereito a ningunha prestación ou subsidio do Servizo Público Emprego, segundo lle informaron; e finalmente foille denegada a solicitude de Risga. Dende servizos sociais instouse a ██████ a que presentara un escrito de queixa ante o Valedor do Pobo, xa que sen cuestionar se a resolución de denegación da Risga se axusta a dereito, estímase cando menos que se está dando unha situación de inxustiza e desprotección. Considérase que dende os servizos sociais comunitarios se lle informou á usuaria dos posibles recursos dos que pode beneficiarse; ó tempo que se realizaron as xestións necesarias para que puidera acceder a unha prestación económica de pago periódico, que é o recurso que ela demanda, se ben o resultado non foi satisfactorio. Por último sinalar que dende os servizos sociais comunitarios se promoven e se mobilizan os recursos sociais existentes, sendo estes limitados e en ocasións insuficientes. Ademais parte destes recursos son competencia doutras administracións públicas, polo que a súa concesión non depende da vontade municipal".

ANÁLISE

1. Co respondido confírmase a valoración provisional que mencionamos; a consellería competente denegou a risga (o que despois reafirmou coa desestimación do recurso) debido a que "realiza unha actividade laboral a tempo parcial desde o 08/05/2014, polo que non se atopa en situación de desemprego, e, consecuentemente, en situación ou risco de exclusión

social, de acordo co previsto no artigo 3.1 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia”.

A consellería indica ao respecto que aplica o previsto no art. 3 da Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia, que dispón que son criterios para a valoración da situación de exclusión social ou de risco de exclusión social aos efectos que tratamos, a ausencia ou déficit grave de recursos económicos e a situación de desemprego, e a concorrencia dalgún dos factores que menciona despois, cando esa condición supoña especiais dificultades de integración social ou laboral (cargas familiares non compartidas, deshabitación de substancias aditivas ou de calquera outra adición, muller vítima de violencia de xénero ..., e calquera outro factor non previsto expresamente neste artigo sempre que, ponderado polos servizos sociais comunitarios no contexto persoal, familiar e social da persoa, condicione negativa e gravemente a súa inclusión social e laboral.

2. Así pois, no parece que o artigo que interpretamos derive necesariamente na conclusión que propón a consellería; esta aplica o criterio de que calquera emprego remunerado, por limitado que sexa tanto en horas traballadas como en remuneración, exclúe por si so a situación de exclusión social ou de risco de exclusión social e por tanto anula a posibilidade das axudas correspondentes. Porén, non parece que sexa esa a previsión do artigo analizado. Este sinala que "para a valoración técnica da situación ou risco de exclusión social, e de conformidade co establecido nesta lei e na normativa de desenvolvemento, verificarase a ausencia ou déficit grave de recursos económicos e a situación de desemprego, así como a concorrencia dalgún dos factores de exclusión seguinte, cando esa condición supoña especiais dificultades de integración social ou laboral ...". Por tanto, a exclusión ou risco de exclusión social ven determinada pola ausencia ou déficit grave de recursos económicos e a situación de desemprego, o que deba interpretarse de forma conxunta e sistemática; non ten lóxica que se fale de déficit grave de recursos e non se valore que iso pode corresponderse cun traballo remunerado pero limitado en horas e remuneración.

3. Tamén deben terse en conta os outros factores mencionados no artigo cando supoñan especiais dificultades de integración social ou laboral; entre eles atópase “estar nunha situación de cargas familiares non compartidas”, o que sucede neste caso, como consta. E finalmente o artigo analizado “ábrese” a outras posibles causas, que deben interpretarse tamén de xeito sistemático (en unión coas demais) ao engadir que “calquera outro factor non previsto expresamente neste artigo sempre que, ponderado polos servizos sociais comunitarios no contexto persoal, familiar e social da persoa, condicione negativa e gravemente a súa inclusión social e laboral”. Neste senso os servizos sociais do Concello de Pontedeume sinalan claramente, na mesma liña que a valoración provisional da valedora do pobo (do 3 de febreiro), que “... cando menos ... se está dando unha situación de inxustiza e desprotección (...) os servizos sociais comunitarios ... realizaron as xestións necesarias para

que puidera acceder a unha prestación económica de pago periódico, que é o recurso que ela demanda, se ben o resultado non foi satisfactorio”.

4. O criterio interpretativo anterior pode realizarse por derivación directa da lei vixente. Porén, a mesma lei prevé que a valoración técnica da situación ou risco de exclusión social se faga “de conformidade co establecido nesta lei e na normativa de desenvolvemento”, polo que, á vista da situación descrita, ese desenvolvemento pendente debería ter en conta a necesidade de aclarar o asunto que tratamos, que resulta de gran relevancia, como evidencia o caso examinado.

O retraso no desenvolvemento da lei afecta non so a esta cuestión, senón tamén a outras relativas ás risgas. Estas se ven limitadas nalgunhas das súas posibilidades previstas na lei debido á falta de desenvolvemento. O indicamos nos Informes ao Parlamento de Galicia de 2015 e 2016 para denunciar o retraso do desenvolvemento, a necesidade de que non se prolongue e as actuacións para reclamálo ante a consellería.

No último informe sinalamos que “resultan frecuentes as queixas por falta de recoñecemento de complementos. Confirmáronse e na súa maior parte débense ao atraso do desenvolvemento regulamentario da Lei 10/2013. Apreciamos esta importante carencia xa o ano pasado con motivo dalgunha queixa. Non se aplica o tramo de transición ao emprego previsto na lei porque se atopa condicionado á aprobación do decreto de desenvolvemento. A disposición final primeira da lei prevé que a Xunta de Galicia, nun prazo máximo de seis meses desde a súa publicación, elaborará as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento e aplicación; e a disposición final segunda prevé que “... no caso concreto dos tramos de inserción e de transición ao emprego entrarán en vigor cando se publique o decreto no que se regulen estes tramos”. Por tanto, a imposibilidade de aplicar directamente a lei responde ao previsto, que tamén prevé que o decreto debería aprobarse en 6 meses, transcorridos hai tempo.

Algo similar sucede coas axudas complementarias de aluguer, que se atopan limitadas á espera do desenvolvemento regulamentario. De acordo coa disposición transitoria 4ª da lei debería desenvolverse xa, cousa que tampouco se fixo. Mentres non se aprobe o regulamento o devandito complemento só é aplicable ata un límite do 10% do IPREM. Ademais, o recoñecemento deste complemento limitado supón a imposibilidade doutras axudas vinculadas ao uso de vivendas, como axudas de inclusión para pago de mensualidades debidas (art. 48.1 a) da mesma lei).

Xa o pasado ano advertimos da necesidade de solucionar este atraso, que ocasiona importantes prexuízos. Trasladámoslo á Consellería de Política Social por diferentes medios (recomendacións, informe, entrevistas cos responsables da consellería); entón trasladóusenos a intención de impulsar o decreto e aprobalo canto antes. Non obstante, a

día de hoxe o desenvolvemento da lei segue pendente, polo que insistimos na necesidade de aprobar as normas que permitan aplicar todas as súas previsións”.

5. A interesada que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social a seguinte recomendación:

Que se revise o criterio de resolución da risga reclamada, de acordo co cal esta denégase nos casos nos que o solicitante ten un traballo remunerado moi limitadamente, polo que non pode entenderse que descarte a situación ou o risco de exclusión social; e que ademais se axilice o desenvolvemento da lei de inclusión social, pendente dende hai tempo, para incluír e aclarar este aspecto na liña mencionada, e os outros aspectos tamén pendentes, tal e como se trasladou á consellería en diferentes ocasións.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da valedora do pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo dun mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que se ditou, esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdo atentamente.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo